

SAN SIMÓN

Miguel Ángel Delgado, 2025

1618

ESTREA EN NUMAX: 23.10.2025 | V.O. | +12 | 107 min

Outubro, 1936. O franquismo abre campos de concentración por todo o territorio. Empregan conventos, fábricas, escolas, prazas de touros, mosteiros... San Simón destaca pola súa insularidade. O réxime converte o antigo lazareto nun lugar de morte onde os prisioneiros sofren a represión rodeados dunha beleza abrumadora. Sete anos despois, Lamas recorda a historia dos homes e as mulleres que, como el mesmo, sufriron a represión nesta pequena illa da costa galega.



Unha dura ficción documental que pensa a memoria do campo de concentración da ría de Vigo

Por Daniel Salgado

En *San Simón* hai actores, profesionais pero tamén sen experiencia previa. Hai, entón, personaxes, pero non psicoloxía barata neles. Hai historias, pero todas responden a unha minuciosa investigación dos feitos. A película que o cineasta Miguel Ángel Delgado acaba de estrear no Donostia Zinemaldia é unha dura, silenciosa, ficción documental sobre o campo de concentración franquista da ría de Vigo. Pola illa pasaron, entre 1936 e 1943, uns 6.000 presos republicanos e antifascistas e nela morreron polo menos 463 persoas. Uns fusilados, outros paseados e en sacas, outros debido ás duras condicións do lugar. O filme, argüe o seu director, reflexiona principalmente “sobre a construción da memoria”. Oitenta e dous anos despois da súa clausura, esta continúa en disputa.

[...] A metraje comeza en 1936 e finaliza en 1943, cando o réxime franquista clausura o centro de detención. A caída do seu primeiro director, o asasinato de mineiros chegados a prisión da ría de Vigo tras a caída da fronte de Asturias ou as epidemias que decimaban a poboación recluída son algúns dos capítulos, rigorosamente históricos, que fan avanzar a película. “Todo o que vemos está documentado”, sinala Delgado, “mesmo o encontro da nena Saúde [filla dun dos celadores da illa] coa besta é verdade”. A pequena vive co seu pai en San Simón, pasea e xoga pola illa. Convértese sen quere-lo en testemuña das atrocidades fascistas. E mesmo -esta é a escena da besta- intúe o mal absoluto nuns ollos animais que brillan na noite. A ficción como mecanismo de acceso ao real.

San Simón está rodada en branco e negro. Esta decisión, explica o cineasta, sèrvelle para lembrar ao espectador que, a pesar de todo o peso documental do filme, atópase ante un espazo ficcionado. E que o seu ámbito, engade Delgado, é o da necesidade de elaborar un relato sobre unha memoria negada ou, como mínimo, difuminada. Hai unha construción narrativa que tenta conducir a unha verdade. Os actores sen experiencia previa que compoñen parte do elenco son, algúns, fillos ou netos de internos no campo de concentración. Os profesionais, nomes como Flako Estévez, Alexandro Bouzó ou Tatán, implicáronse a fondo no proceso. E encarnan personaxes ás veces esquemáticos, a súa humanidade reducida polas circunstancias. “Quixen manter a illa no corazón da película”, indica, “o que vai en contra de profundar nos personaxes. Ademais, os presos de San Simón apenas deixaron documentación sobre os seus sentimentos ou emocións. O que escribían era case un atestado do que sucedía”. Un deixar constancia, unha memoria da illa, di Delgado, que iniciaron os propios represaliados.

A película asómase, así, a “unha zona de silencio”. A de aqueles que sobreviviron ás súas penosas condicións e torturas, pero tamén a que rodeou durante décadas o que alí sucedera. A ferida continúa, dalgunha forma, aberta. “O historiador Antonio Míguez entende que, a respecto da memoria histórica, pasamos dunha fase de esquecemento a unha fase de negación”, afirma, “iso provocou que cineastas, desde o rigor histórico, nos situemos en contra desa negación”. Unha parte significativa da sociedade, entende, comparte esa mirada, que no caso de *San Simón* se concreta na proposta de converter San Simón “illa da memoria”. Existe resistencia por parte das autoridades xestoras, precisa, sobre todo da Xunta de Galicia. Non é o caso do Goberno central: en atención a unha reclamación do movemento memorialista declarou recentemente “lugar de memoria” (...).

Texto completo en eldiario.es